

ACTA NÚM. 7 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AXENTES DE IGUALDADE.

Proceso selectivo: LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL AXENTES DE IGUALDADE:

Reclamación presentada, con data 1 de febreiro do 2022, N° de rexistro 20229900000154.

En liña, ás 9:45 do día 05/02/2022 reúnense os membros do tribunal que valorarán o proceso para a elaboración da LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL DE AXENTES DE IGUALDADE DE RIANXO.

Están presentes:

Presidenta: María Carmen Tejjido López

Vogal: Martina Martínez Pérez

Vogal: Ramón Villanustre Ordóñez

Vogal: M^a Uxía Cespón Ordóñez

Vogal: Miguel Quiroga Bóveda

Secretario: Baltasar Figueiras Martínez

Primeiro: presentada reclamación, con data día 1 de febreiro do 2022 e número de rexistro 20229900000154, ao resultado provisional do proceso de selección para a elaboración dunha listaxe de contratación temporal de Axente de Igualdade do Concello de Rianxo, publicado polo Tribunal cualificador.

Segundo: revisada a reclamación a, este Tribunal determina:

1. Que non detecta erros no proceso de baremación dos méritos relativos á Formación complementaria da reclamante, sendo baremadas todas as actividades de formación e perfeccionamento, impartidas por administracións públicas ou homologadas por elas, entendendo por administracións públicas as territoriais (Estado, comunidades autónoma, provincia, municipio...), as que teñan competencias en materia educativa e teñan carácter público e, igualmente, os cursos de formación impartidos por organizacións sindicais ou confederacións empresariais no marco dos plans de formación continua do Ministerio para as Administracións Públicas, tal e como recolle o apartado 5.2.2. das bases polas que se convoca o proceso de selección.
2. Revisada a cualificación outorgada ao proxecto desenvolvido o día 29 de xaneiro de 2022 pola reclamante, correspondente á segunda proba do proceso selectivo, este Tribunal cualificou as diferentes partes do mesmo conforme á rúbrica publicada o día 31 de xaneiro de 2022, polo que considera axeitada a cualificación outorgada ao mesmo (12,80 puntos).

Terceiro: o resultado global final obtido polas persoas aspirantes e a orde de prelación na listaxe de contratación temporal proposta polo tribunal é o seguinte:

	APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
1	MOSCONI CADILLO, ANA	26,55	6,75	33,3
2	PIÑEIRO RIAL, CRISTINA	30,05	2	32,05
3	ARÍS COUSO, ANDREA	29,65	0,75	30,4

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal.

Asdo: María Carmen Tejjido López	Asdo: Martina Martínez Pérez
Asdo : M. ^a Uxía Cespón Ordóñez	Asdo: Miguel Quiroga Bóveda
Asdo: Ramón Villanustre Ordóñez	Asdo: Baltasar Figueiras Martínez